

## **RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DIRECTA DE ADQUIRENTES EN 2<sup>a</sup> OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS**

**EXPEDIENTE: C88501:55**

**SITUACIÓN: URBANIZACIÓN SOL Y MAR, R/ LOPE DE VEGA, B-14, P-7,  
BAIXO A - ARTEIXO**

Por resolución da Xefatura Territorial de A Coruña de data 12 de abril de 2011 iniciouse o proceso de selección de adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ó expediente C88501:55, ó abeiro do disposto no artigo 64 da Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia, no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia.

Co obxecto de seleccionar adquirentes para dita vivenda, esta foi ofertada a través da páxina web do IGVS ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

Tendo en conta que no prazo citado no parágrafo anterior non foi presentada ningunha solicitude para participar no procedemento de selección de adquirentes que cumprise todos os requisitos ou completase todos os trámites para poder ser designado adquirinte, a vivenda continuou publicitada na páxina web do IGVS para xeral coñecemento.

Das solicitudes presentadas con posterioridade a esta publicación, acreditouse no expediente o cumplimento por parte da interesada YOLANDA RAMOS MOIX (nº de credencial 55,968) dos requisitos esixidos para ser designada adquirente.

Baseado en todo o antedito

### **RESOLVO**

Adxudicar a YOLANDA RAMOS MOIX, coa credencial do rexistro de demandantes de vivenda núm 55968 a vivenda de protección oficial de promoción pública correspondente ao expediente C88501:55

Contra dita resolución que non esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso de alzada ante o señor conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución de conformidade co disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, de 26 de noviembre de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola lei 4/1999, de 13 de xaneiro.

A Coruña, 21 de setembro de 2011.

O/A Xefe/a Territorial da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

Asdo.: Jose Antonio Álvarez Vidal